



CGT

A mentira como xustificación

Os asinantes do acordo sobre o permiso recuperable alegan que é obrigatorio compensar as horas. ¿É así?

O artigo 3.2 do decreto 10/2020 di: "O acordo que se alcance **poderá** regular a recuperación de todas ou **de parte** das horas de traballo".

O decreto obriga a negociar. Pero **non obriga** a que haxa que recuperar tódalas horas nin a que a negociación remate con acordo.

Usar a **mentira** para tentar xustificar a submisión ós intereses da empresa demostra que se é consciente de que **non** se están a defender os intereses dos traballadores/as.

Desaparecido

O acordo sobre o permiso recuperable acadouse o martes 31 ás 20:30; un rato despois xa circulaba a acta. A empresa enviouna ós correos electrónicos ó día seguinte ás 19:48.

Quen non a enviou foi o comité.

Unha das **obrigas** do comité é **informar** ós traballadores. É inaudito que esa información a difundise a empresa e non o comité.

O mesmo pode dicirse do intercentros, que, como indica o seu nome, é un órgano dos **comités de empresa**, non dos sindicatos. Por tanto, os representantes de Ferrol no intercentros teñen que transmitir a información ó conxunto dos traballadores/as e do comité.

O comité de empresa está na práctica desaparecido. É necesario artellar algún tipo de funcionamento.



Como arriman o ombro as empresas auxiliares

As grandes compañías deste país están a demostrar de que pasta están feitas. A solidariedade e a responsabilidade social da que tanto presumen se queda en nada cando chega o momento de arrimar o ombro. Nun momento de crise sanitaria mundial sen precedentes, acoden como *buitres carroñeros* á axuda do Estado, ó que por certo procuran aportar o menos posible.

As auxiliares de Navantia non son unha excepción.

Dous exemplos:

Maessa presentou un ERTE para a súa plantilla en Navantia o 17 de marzo. Maessa forma parte do grupo ACS, que o ano pasado obtivo de beneficio neto 912 millóns de €.

Acciona presentou un ERTE para a súa plantilla en Navantia o día 20. O grupo Acciona obtivo nos tres primeiros trimestres do ano pasado un beneficio neto de 213 millóns de euros.

Comité de Emerxencia

Xa van **seis positivos** de traballadores nas factorías da ría:

1) 13 de marzo (Fene): Un traballador contratado polo armador dun buque en reparación.

2) 26 de marzo (Ferrol): Un traballador de Soamar que se mudaba nas taquillas fronte a Electrónica e estaba no AAOR-2. Último día laborable: venres 13.

3) 27 de marzo (Ferrol): Un traballador de Serfrimec que se mudaba nas taquillas de Carenas xunto á Enfermería. Último día laborable: venres 13.

4) 28 de marzo (Fene): Un bombeiro de Quirón.



5) 31 de marzo (Ferrol): Un traballador de Maessa que se mudaba na segunda planta das taquillas da IA da porta do Estaleiro e que estaba traballando en Carenas. Último día laborable: venres 13.

6) 1 de abril (Ferrol): Un traballador de Ghenova do proxecto TLHD. Último día laborable: venres 13.

En tódolos casos, procedeuse a desinfectar os seus cuartos de taquillas (no último, a oficina). A estes efectos, considérase como infectada toda persoa diagnosticada dentro dos 20 días seguintes ó seu último día de traballo.

A raíz destes casos, a **CGT** soubo que ós sospeitosos por contacto con alguén enfermo non se lles está a facer ningún test de detección do coronavirus. É unha vergoña que a Xunta do señor Feijoo, que tanto saca a lingua a pacer, non tome unha medida **preventiva** tan básica como esta, aínda que esas persoas non teñan ningún síntoma. Está demostrado que se pode estar infectado e non ter síntomas.

A CGT xa plantexou que **Navantia** debe tomar medidas para que a tódolos posibles contaxiados se lles faga o test.

En Fene, os bombeiros de Quirón queixáronse de deficiencias nas medidas preventivas. **Protexer** a tódolos traballadores é importante, especialmente se son da área de Prevención, aínda que non sexan sanitarios.

¿Prohibidos os despedimentos?

A pasada fin de semana, o goberno anunciou que ía prohibir os despedimentos. ¿Foi así? Infortunadamente, **non**.

O real-decreto 9/2020, de 27 de marzo (BOE do 28), establece que a covid-19 non poderá entenderse como *xustificativa* nin do despedimento nin da extinción do contrato. Por tanto, o goberno non prohibiu os despedimentos, senón que estableceu que os causados polo coronavirus non serán obxectivos. Ou sexa, **encauceu** o despedimento, pero non o prohibiu.

Aínda que estamos a ver que toda unha serie de medidas gobernamentais teñen un carácter **retroactivo**, non foi o caso desta. Unha oportunidade perdida por PSOE e Unidas Podemos para prohibir de verdade o despedimento, e ademais retroactivamente, **obrigando** así a readmitir a tódolos traballadores/as despedidos, algúns incluso xa o venres 13 (**Tubacer**).



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS

